



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

GRAO EN TERAPIA OCUPACIONAL

Curso académico 2013- 2014

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Estudo etnográfico dos músicos dunha banda  
de música no marco da participación  
comunitaria.**

**Saray Sestelo Figueroa**

**Setembro 2014**

**Titoras:**

**Nuria García Gonzalo**

**María Jesús Movilla Fernández**

## Contido

1. Resumo:.....	4
2. Introducción:.....	5
2.1. A música coma construción social :.....	5
2.2. A participación nunha banda de música como ocupación: .....	7
2.3. A ocupación de participar nunha banda de música como promotora de saúde.....	9
2.4. Xustificación:.....	11
3. Obxectivos:.....	13
3.1. Obxectivo principal: .....	13
3.2. Obxectivos secundarios:.....	13
4. Metodoloxía:.....	14
4.1. Tipo de estudo:.....	14
4.2. Contextualización da investigación:.....	14
4.2.1. Posición da investigadora: .....	14
4.2.2. Ámbito de estudo: .....	14
4.3. Poboación:.....	16
4.4. Mostraxe:.....	18
4.5. Instrumentos de recollida de información: .....	19
4.6. Estratexia de recollida de información: .....	19
4.7. Análises da información :.....	21
4.8. Rigor metodolóxico .....	22
4.9. Aspectos éticos:.....	22
5. Resultados: .....	24
5.1. Estruturação do grupo:.....	24
5.1.1. A incorporación ao grupo: .....	31
5.2. Actividades desenroladas polo grupo: .....	35
5.2.1. Ensaio: .....	35
5.2.2. Concertos:.....	36
5.2.3. Outras actividades:.....	37
5.3. Significados da participación nunha banda de música popular ..	39
5.4. A adquisición de capital social e cultural .....	49

6. Discusión:.....	53
7. Limitacións do estudo:.....	57
8. Conclusións:.....	58
Agradecementos:.....	59
9. Bibliografía: .....	60
Anexos.....	64
Anexo 1: Permiso para a realización do estudo: .....	65
Anexo 2: Folla de información á/ó participante.....	67
Anexo 3: Consentimento informado. ....	70
Anexo 4: Consentimento informado menores de idade .....	71

## 1. Resumo:

**Obxectivo:** describir como vivencian os músicos dunha banda de música popular a participación neste tipo de agrupación, observando como inflúe esta na promoción da saúde.

Ademais, este estudo pretende coñecer os significados outorgados a ocupación de tocar nunha banda de música popular, a relación desta participación co sentimento de apego ao lugar e a influencia que ten na transmisión de capital social e cultural.

**Metodoloxía:** investigación cualitativa realizada dende unha perspectiva teórica etnográfica, nunha banda de música popular da provincia de Pontevedra. A recollida de información foi realizada a través da observación participante e a técnica das historias de vida. Os informantes foron músicos da banda de música estudada.

**Resultados:** tras a análise da información obtida, emerxen categorías e códigos de significado que explican o fenómeno: “estructuración do grupo”, “actividades desenroladas polo grupo”, “significados da participación nunha banda de música” e adquisición de capital social e cultural”

**Conclusiones:** A participación nunha banda de música como ocupación valorada pola comunidade na que se encadra e que forma parte dos recursos cos que a propia comunidade conta, favorece a creación de ambientes favorables promovendo o sentimento de benestar das persoas que participan en tal ocupación, producindo ademais unha adquisición de capital social e cultural fortemente influenciado pola produción de relacións interxeracionais e que inflúe na formación da propia identidade e no rol dentro da comunidade.

**PALABRAS CRAVE:** Banda de Música Popular, Ocupación, Promoción da Saúde, Capital social, Capital Cultural, Comunidade.

## 2. Introducción:

### 2.1. A música coma construción social :

A música é un dos rituais mais antigos da especie humana. Dotada dunha carga inherente de sociabilidade, forma parte da identidade de cada persoa (1) e non pode ser entendida fora do contexto cultural de cada sociedade (2). Cabe logo facernos a pregunta ¿que entendemos por cultura?

Dyck, define cultura como un “conxunto de ideas, conceptos e coñecementos, que inclúe as crenzas, valores e normas que forman os patróns que rexen a vida cotiá” (3). Este conxunto de crenzas, valores e normas, condicionará as pautas de conduta e os diferentes significados outorgados a cada forma ocupacional polos diferentes grupos (4). Isto fai preciso comprender a música como un produto social (5) , o cal da sentido e organiza diferentes aspectos da organización social, influíndo en aspectos diversos como o poder, a amizade ou o prestixio (12) .

Hormigos Ruiz (1) identifica a música como un “elemento comunicativo creador de identidade cultural”, que permite a expresión de múltiples conceptos e precisa duns receptores cos coñecementos precisos para comprender dita linguaxe. Por esta razón , as diferentes culturas utilizaróna como un potente axente de socialización, sendo fundamental na construción social de identidades e de estilos culturais e individuais.

Podemos comprender a música polo tanto como a manifestación dos pobos, existindo tantos discursos musicais como culturas existen, e formulándose ditos discursos de diversas maneiras segundo os parámetros culturais da cultura que os formula (12)

Un mais dos múltiples exemplos de manifestacións musicais dos pobos, constitúeno as bandas de música populares, conxuntos musicais formados por músicos que empregan instrumentos de vento e percusión (7).

En Galicia, as bandas de música comezan a aparecer na segunda metade do século XIX en diferentes vilas e cidades, desaparecendo moitas delas a finais de ese século por dificultades principalmente económicas, e producíndose durante a segunda metade do século XX un novo rexurdimento deste tipo de agrupacións (8).

Segundo a Federación Galega de Bandas de Música Populares, existen na actualidade en Galicia 5500 músicos federados, os cales desenvolven a súa actividade en 87 Bandas de Música Populares federadas como tal. Preséntase unha desigual distribución destas na xeografía galega, situándose a Provincia de Pontevedra, na que se atopan 48 das bandas de música populares de Galicia, como a provincia cunha maior representación de este tipo de agrupacións. (9).

As bandas de música son organizacións socioculturais con potencial pedagóxico, didáctico e artístico que, en torno a música, constitúense coma vehículos de transmisión cultural, debendo ser comprendidas coma actividades con fins artísticos, sociais e culturais (10). Desta forma serán consideradas ao longo desta investigación.

Esta multidimensión de significados fará que as bandas de música populares teñan unha importante influencia na adquisición de capital social e cultural tanto dos seus membros como da comunidade que a rodea (10, 11).

Cabe por tanto delimitar que entendemos por capital cultural, capital social e comunidade:

Segundo a definición ofrecida pola Organización mundial de Saúde, entenderemos o termo comunidade, como “calquera grupo de persoas conectadas de algunha maneira”, tendo en conta ademais a participación nesta un elemento fundamental no desenvolvemento das persoas (12).

Capital Social será comprendido como o conxunto de recursos que cada persoa ou grupo posúe e que inflúen na rede de relacións establecidas entre diferentes persoas. (12)

O termo Capital Cultural defínese coma o “conxunto de recursos simbólicos e informativos das persoas para a acción, adquiridos principalmente a través da aprendizaxe social” (7). Desta forma, incluírá as habilidades sociais da persoa e as súas competencias para a acción, incluíndo as percepcións , os valores, normas, e habilidades (2).

O capital cultural, emerxerá en tres formas diferentes (7):

- Capital cultural incorporado: valores, crenzas, coñecementos.
- Capital cultural obxectivado: libros e ferramentas.
- Capital cultural institucionalizado: títulos académicos ou títulos profesionais.

Este conxunto de recursos non materias, estará interrelacionado cos capitais económico e social de forma constante, influenciándose entre eles de maneira constante (2, 7).

Os valores, coñecementos e normas de comportamento propias dunha cultura determinada, é dicir, o seu capital cultural, condicionarán a percepción de saúde e o manexo desta, e terá por tanto unha importante relevancia na toma de decisións saudables, sendo fundamental para destinar recursos sociais e económicos orientados cara á saúde (6), así como na toma de decisións saudables (7).

## **2.2. A participación nunha banda de música como ocupación:**

A ocupación é definida pola Asociación Canadense de Terapeutas Ocupacionais coma o “conxunto de actividades e tarefas da vida cotiá, nomeado, organizado e con valor e significado para as persoas e a cultura” (13), podemos entender a ocupación coma unha necesidade humana, fonte de significado, medio de crecemento persoal, organizadora



de tempo e comportamento, fonte de equilibrio, de satisfacción e medio terapéutico (13)

O ser humano é deste modo concibido coma un ser ocupacional (14), un ser activo, con capacidade para identificar, elixir e participar en ocupacións diversas dentro do seu entorno sociocultural, sendo este entorno o condicionante dos significados outorgados a cada ocupación (13). Desta forma, o significado da ocupación transfórmase nunha construción social influenciada por conviccións sociais, crenzas e aptitudes (11).

Wilcock observa a ocupación coma algo mais que o propio facer, comprendendo como significados desta ocupación o “ser” e o “devir” (14, 15). A esta tríade incorporará posteriormente Hammell o “sentido de pertenza” na que a ocupación tamén se traduce (15).

As ocupacións de cada persoa constrúen, na sociedade occidental a identidade desta, a cal estará conformada pola combinación da autopercepción de cada persoa e da percepción externa. (16).

Se entendemos como anteriormente se indicou, as banda de música como organismos artísticos, sociais e culturais que aportan as persoas identidade dentro dun grupo, así como a adquisición de capital cultural e social, podemos observar como a participación nestas aporta significados as persoas e a propia actividade, podendo por tanto ser entendida a participación en ditos colectivos como ocupacións.

Esta significación a nivel persoal, social e cultural, foi explorada por Roberts e Farrugia (11) en relación a unha banda de música de Malta, observando como dita participación producía significados comúns para os membros de dita agrupación.

### **2.3. A ocupación de participar nunha banda de música como promotora de saúde.**

A terapia ocupacional é definida pola WFOT (17) como “unha profesión da saúde centrada no cliente interesado en promover a súa saúde e benestar a través da ocupación”.

Wilkock (14) sostén que o compromiso coa ocupación é un mecanismo biolóxico para a saúde, que influencia as diferentes esferas do ser humano: física, psicolóxica e social. Desta forma, a autora sinala como existe unha relación directa entre a participación en diferentes ocupacións e a mellora do benestar físico de cada persoa, o mantemento das persoas mentalmente activas, estimulándoas e motivándoas, conseguindo deste xeito producir sentimentos de competencia e incremento da autoestima, e, a través do desenvolvemento do noso potencial na participación en diferentes ocupacións socialmente valoradas, producir un reforzo do benestar social.

Podemos por tanto afirmar, secundando as palabras do Modelo Canadense, que o desempeño ocupacional se constitúe coma “unha necesidade básica do ser humano, determinante do grado de saúde da persoa e fonte de sentido, significado, elección, control, equilibrio e satisfacción do ser humano” (13).

A carta de Ottawa (18) define promoción da saúde coma o “proceso de proporcionar aos pobos os medios precisos para mellorar a súa saúde e exercer un maior control sobre a mesma”. Segundo este documento, a participación activa na promoción da saúde implicará medidas como a elaboración dunha política pública sa, a creación de ambientes favorables, o reforzamento da acción comunitaria, o desenvolvemento das aptitudes persoais e a reorientación dos servizos sanitarios.

A promoción da saúde deberá por tanto centrarse na abordaxe dos determinantes da saúde que potencialmente poden ser modificados (12)

A Organización Mundial da Saúde (OMS) na súa Guía para a Rehabilitación Baseada na Comunidade (RBC)(12), afirma que a participación no arte é fundamental para o desenvolvemento persoal, axudando a establecer identidade persoal e brindando sentido de pertenza (12)

Esta identidade persoal, é creada pola adquisición de diversos roles, os cales entenderemos, seguindo a definición do Marco de Traballo para a Práctica da Terapia Ocupacional (19), como o “Conxunto de comportamentos esperados pola sociedade, moldeados pola cultura e que ademais poden ser conceptualizados e definidos polo cliente”.

A asunción dun rol vinculado o arte producirá cambios no papel que cada persoa desenvolve dentro da súa comunidade proporcionando unha identidade e dotando de novos significados a vida(12) .

Segundo diferentes artigos de investigación dos últimos anos, a participación na música e outras actividades artísticas mellora o compromiso das persoas dentro da comunidade, así coma o sentido de pertenza a esta. (2,20). Outras liñas de investigación(21,22), dirixen a súa atención a relación que existe entre a participación nestas ocupacións e o sentimento de apego a un lugar. Entendemos como apego a un lugar o vínculo afectivo que une a persoas e lugares (21). Pode ser considerado unha parte integral da identidade humana (22) que xoga un papel fundamental na autoestima e sentimento de pertenza a un grupo (21). Segundo estes estudos, existe unha dobre visión sobre a relación entre participación en actividades culturais e apego o lugar, existindo unha forte influencia dos capitais social e cultural que producen grandes diferenzas entre os diversos estudos realizados e que mostran a necesidade de afondar na influencia do capital cultural para comprender estas diferenzas.

Abel (7), establece nos seus estudos a relación existente entre capital cultural e saúde, concluíndo que o capital cultural será un elemento cruce

na transformación da desigualdade social en desigualdade de saúde. Desta maneira, a desigualdade en saúde será o produto resultante da desigual distribución dos capitais cultural, social e económico.

Tendo en conta como a participación no arte modifica o capital cultural da persoa, esta pode actuar cunha función promotora a tres niveis (12):

- Promotor do cambio social.
- Promotor de saúde.
- Promotor de participación na comunidade.

A Carta de Ottawa para a Promoción da saúde (18) indica como a creación de ambientes favorables é precisa para producir un achegamento a saúde dende unha perspectiva socio-ecolóxica, indicando como tanto ocio como traballo deben ser promotores de saúde. Situando como eixo central produtor de saúde as propias comunidades. Segundo dito documento a “promoción da saúde radica na participación efectiva e concreta da comunidade”, tendo en conta como o desenvolvemento desta estará influenciada de forma directa polos recursos humanos e materiais cos que a propia comunidade conta.

Segundo esta mesma liña, *O Marco de Traballo para a Práctica da Terapia Ocupacional : Dominio e Proceso*, na súa segunda edición (19) sostén que a promoción da saúde é un dos enfoques de intervención que a terapia ocupacional pode utilizar estando dito enfoque destinado a “prover contornas e experiencias de actividades enriquecedoras que melloran o desempeño de tódalas persoas nos ámbitos naturais da vida.

#### **2.4. Xustificación:**

Nos últimos anos teñen aparecido publicacións que sinalan a influencia da música e outras expresións artísticas como favorecedoras da percepción de benestar tanto físico como mental (2, 20, 23, 24 así como a mellora do compromiso coa comunidade (2, 20) ou o mantemento de condutas saudables en nenos e adolescentes (2, 25). A maioría dos artigos

atopados, centran a súa investigación en colectivos cunha determinada patoloxía ou do colectivo de maiores, e son desenrolados dende unha visión rehabilitadora.

Non existe apenas bibliografía que describa cómo a participación en agrupacións musicais afecta a poboación en xeral, sendo destacables algúns artigos que estudan a influencia que a participación en unha banda de música de Malta ten na adquisición de significados de dita ocupación, así como estudos realizados en diferentes agrupacións corais, coa intención de afondar unicamente na percepción dos usuarios sen considerar a visión destas como posibles vías de promoción da saúde.(2, 11)

É por todo isto que existe a necesidade de afondar na implicación que a participación en agrupacións culturais existentes dentro das comunidades, ten na ocupación das persoas dunha comunidade, así como na relación que esta participación pode ter no mantemento e promoción da súa saúde.

### 3. Obxectivos:

#### 3.1. Obxectivo principal:

- Describir como vivencian os músicos dunha Banda de Música Popular a participación neste tipo de agrupación e observar como inflúe esta na promoción da saúde destas persoas.

#### 3.2. Obxectivos secundarios:

- Coñecer os significados outorgados a ocupación de tocar nunha banda de música popular polos músicos que participan nesta.
- Explorar como a participación nunha banda de música popular se relaciona con sentimento de apego ao lugar
- indagar na influencia que a participación nunha Banda de Música Popular ten na transmisión de capital social e cultural.

## 4. Metodoloxía:

### 4.1. Tipo de estudo:

Esta investigación realízase con metodoloxía cualitativa, a cal permite o estudo no seu propio contexto de diversos fenómenos, descubrindo a través dos significados que lle son concedidos polas persoas un fenómeno social (26). Tendo en conta as consideracións feitas por Lincoln e Denzin sobre como é preciso ampliar a concepción da investigación cualitativa mais aló de cuestión relacionadas co subxectivo, incorporando aspectos relacionados coa linguaxe, a representación e a organización social (27), esta investigación pretende describir as vivencias dos compoñentes dunha banda de música popular, no desempeño da ocupación de tocar nesta agrupación e afondar na realidade que xera esta práctica na súa posición dentro tanto do colectivo formado polos propios membros da banda de música como da súa comunidade.

Para iso, elixiuse unha perspectiva teórica etnográfica, a cal permite enfocar a investigación teórica na cultura dun grupo humano con obxecto de comprender a súa forma de comprender o mundo (28).

### 4.2. Contextualización da investigación:

#### 4.2.1. Posición da investigadora:

A investigadora é unha alumna de 4º curso do Grado de Terapia Ocupacional, membro da banda de estudada dende hai 9 anos, sendo polo tanto parte do entorno estudado. A investigadora, non obstante, busca a verdade dende unha posición neutral.


#### 4.2.2. Ámbito de estudo:

O estudo tivo lugar nunha banda de música popular a cal depende dunha asociación que promove a existencia desta, e situada a súa vez nun concello da provincia de Pontevedra. Dita relación atópase esquematizada na Ilustración 1.

Dito concello, está constituído, segundo o Instituto nacional de Estatística (INE) por 8887 persoas, poboación que tivo un crecemento moi amplo nos últimos anos, incrementándose a poboación en 2210 persoas entre o ano 2003 e o 2013.

Dito concello, goza dunha tradición bandística que rexistra as súas primeiras agrupacións deste tipo no ao 1892 (30)

A banda de música estudada, ten 27 anos de historia. Por ela teñen pasado, segundo os datos recollidos por Paz Antón (30) 189 músicos que sumados aos novos datos facilitados pola propia banda sobre as últimas incorporacións (memoria da banda), fan un total de 202 músicos. A súa vez, dita banda de música forma parte dunha asociación que fomenta a existencia da agrupación e que ademais promove a existencia dunha escola de música na que se forma a novos músicos que entrarán a formar parte da banda de música. Dita asociación consta na actualidade de 388 socios, pasando por ela dende a súa inauguración 772 socios diferentes (memoria da banda de música).



**Ilustración 1: organización institucional.**



### 4.3. Poboación:

O poboación estudada está composta polos 66 músicos que conforman unha banda de música da provincia de Pontevedra.

O nivel educativo destas persoas é variable. No eido da educación xeral regrada, coexisten persoas con estudos dende básicos a superiores, e especializados en diversos campos. A nivel musical, todos teñen como mínimo coñecementos básicos de música tanto en linguaxe musical como no práctica do instrumento que tocan, existindo persoas con variados niveis de coñecemento musical, regrado ou non regrado.

Dentro da banda de música podemos clasificar as persoas en tres grupos diferenciados segundo a súa vinculación coa música.

- **Estudantes de música:** Inclúense neste grupo as persoas que, ademais de participar na banda de música, manteñen unha relación académica coa música, a diferentes niveis segundo o caso. Inclúense aquí tódolos menores de 18 anos, así como parte dos maiores desta idade. Todos eles realizan estudos de música en diferentes conservatorios da xeografía galega ou na escola de música da propia asociación.

Compaxinan en gran numero de casos tales estudos con outros acordos a súa franxa de idade (ESO, Bacharelato, ciclos formativos, estudos universitarios). Ademais, os de niveis mais altos de coñecementos musicais realizan pequenos traballos colaborando con outras agrupacións ou en diversos grupos musicais, nados ou non da practica dentro da banda de musica estudada.

- **Afeccionados:** Son persoas que participan na banda no seu tempo de lecer aínda que na actualidade a súa formación musical cesara, manténdose dentro da banda de música como unha afección Trátase do grupo mais heteroxéneo, tanto en rango de idade como en actividades fora do entorno da banda.

- **Profesionais:** Membros da banda que ademais de participar nesta, teñen unha vinculación profesional coa música. Trátase tamén dun grupo variado, onde o traballo coma músico pode ser exclusivo ou estar combinado con traballos de outra índole, así como estar compaxinado con estudos de outros campos. A súa formación atópase en fase de estudos superiores ou finalizada.

A banda está constituída por 22 mulleres e 44 homes. A súa distribución por sexo e corda de instrumento pode observarse na Ilustración 2 **¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.**, destacando a maior presenza de mulleres na corda de vento madeira mentres a presenza masculina é a dominante nas cordas de vento metal e percusión.

En canto a idade, reflectida por grupos de idade na Ilustración 3, forman o grupo de estudo persoas con idades comprendidas entre os 14 e 65 anos, onde a maior parte da comunidade se atopa nas franxa de idade entre 14 e 40 anos, existindo unicamente unha persoa que supere esta idade.




Ilustración 2 Distribución da poboación por sexo e corda.




Ilustración 3 Distribución da poboación por franxa de idade

#### 4.4. Mostraxe:

Realizouse un mostraxe teórica intencionado e razoado, utilizando coma estratexia a conveniencia, tendo en conta ademais os seguintes criterios:

- Criterios de inclusión:
  - Ser actualmente membro da Banda de Música de YY .
  - Aceptar a realización da historia de vida.
- Criterios de exclusión:
  - Non ler a folla informativa.
  - Non asinar o consentimento informado ou non ser asinado este polos pais en caso de menores de idade.
  - Formar parte da banda de Música de YY dende hai menos de un ano.

#### 4.5. Instrumentos de recollida de información:

Tendo en conta o enfoque etnográfico asumido, a recollida de información realizouse utilizando coma técnica primaria a observación participante, que permite a inmersión da persoa investigadora dentro da cultura estudada, permitindo a interacción entre investigador e observantes no entorno real, compartindo con estas costumes e formas de vida que deberán ser rexistradas de forma precisa e detallada nun caderno de campo ().

Esta información será complementada a través da realización de historias de vida, autonarracións da historia dunha persoa realizadas dende un momento concreto da vida deste ante un interlocutor, as cales son gravadas para a súa posterior transcripción e análise (29). Estas historias de vida foron realizadas a membros clave da comunidade, seleccionados pola súa capacidade informativa. Do mesmo xeito, tívose en conta na selección das persoas entrevistadas que estas proporcionasen unha ampla perspectiva de opinións. Con este obxectivo tivéronse en conta a vinculación coa música (afección- estudo- profesión), anos de permanencia na agrupación, o sexo (home, muller) , a idade e o instrumento que tocan (dividindo os compoñentes por cordas de instrumentos en vento madeira, vento metal e percusión).

#### 4.6. Estratexia de recollida de información:

O acceso o campo estivo facilitado pola pertenza da investigadora ao campo estudado.

Ademais, foi solicitado permiso por escrito a directiva da banda de música YY para a realización de dita investigación (Anexo 1).

Durante os meses de abril, maio, xuño, e xullo, foi realizada pola investigadora a observación participante, a través da elaboración dun caderno de campo no que se recollía a información obtida da observación do grupo no seu día a día nas diferentes actividades desenroladas polo colectivo: ensaios, xuntanzas, e concertos tanto en festas como en

certames. Ditas observacións foron guiadas ademais polos datos achegados polas historias de vida realizadas.

En total foron rexistradas 11 observacións as cales foron despois codificadas e se atopan descritas na Táboa I

<b>Código</b>	<b>Tipo de evento</b>	<b>Data observación</b>
<b>O1</b>	Concerto parroquia do pobo	18-5-14
<b>O2</b>	Ensaio xeral	16-5-14
<b>O3</b>	Concerto noutra localidade	26-5-14
<b>O4</b>	Xuntanza para ver un partido	13-6-14
<b>O5</b>	Ensaio xeral	14-6-14
<b>O6</b>	Concerto parroquia do concello	15-6-14
<b>O7</b>	Ensaio seccional	1-7-14
<b>O8</b>	Ensaio específico corda de trompas	4-7-14
<b>O9</b>	Certame de Bandas	12-7-14
<b>O10</b>	Comida banda	19-7-14
<b>O11</b>	Concerto festa do Concello	20-7-14

**Táboa I Codificación Observación Participante**

As historias de vida foron realizadas e gravadas durante os meses de maio e xuño, previa aceptación dos participantes a formar parte do estudo, a través da lectura da folla de información ao participante (Anexo 2) e sinatura dun consentimento informado (Anexo 3)

Foron entrevistadas en total 15 persoas coas características descritas na Táboa II, finalizando a realización de historias de vida tras considerar alcanzada a saturación teórica.

<b>Código</b>	<b>Sexo</b>	<b>Vinculación coa música</b>	<b>Corda de instrumento</b>	<b>Idade</b>	<b>Anos na banda</b>
H1	M	estudo	Vento madeira	15	4
H2	M	estudo	Vento madeira	18	5
H3	M	estudo	Vento madeira	17	4
H4	H	estudo	Vento metal	18	5
H5	H	afección	Vento metal	29	15
H6	H	afección	Vento metal	39	26
H7	M	afección	Vento madeira	27	15
H8	M	afección	Vento madeira	24	12
H9	M	afección	Vento madeira	28	16
H10	H	afección	Vento madeira	27	16
H11	H	Profesión	Vento metal	37	25
H12	H	Profesión	Vento madeira	30	22
H13	H	Profesión	Percusión	24	12
H14	M	Profesión	Vento madeira	25	12
H15	M	Profesión	Percusión	26	12

Táboa II codificación historias de vida

#### 4.7. Análises da información :

A análise da información realizouse de maneira indutiva, aproximándose aos discursos das historias de vida dende o concreto cara ao abstracto e combinando a visión émica aportada polas historias de vida e ética, aportada pola participación observante.

Podemos identificar en dito análise catro fases conceptuais:

1. Segmentación da información achegada polas historias de vida e a observación participante en unidades de significado, categorías e temas.
2. Identificación dos principais núcleos temáticos.
3. Integración dos datos aportados polas diferentes historias de vida e a observación participante.
4. Interpretación dos datos obtidos.

#### 4.8. Rigor metodolóxico

Toda investigación cualitativa debe responder a uns criterios de veracidade que favorezan a avaliación do proceso. Segundo Lincoln e Denzin, dito rigor é garantido seguindo os criterios de credibilidade, transferibilidade, consistencia e conformabilidade (28)

**Credibilidade:** trata de coñecer se o observado se corresponde coa diversidade de significados aportados pola poboación estudada (28). Para cumprir este criterio, o presente estudo realizouse unha descrición detallada do estudo e da mostra, empregáronse transcricións textuais das historias de vida para fortalecer os significados e interpretacións, explicouse o rol e limitacións da investigadora e foi utilizada a triangulación a través de técnicas de recollida de información

**Transferibilidade:** é o grado en que os resultados poden xeneralizarse a outros contextos. Na procura desta realizouse unha descrición detallada do proceso así como da mostra e os contextos.

**Consistencia:** grado en que a replica do estudo por diferentes investigadores e capaz de acadar datos similares (28), o cal é garantido pola descrición detallada do estudo e da mostra a utilización de datos textuais das historias de vida, a triangulación por técnicas de recollida e a explicación do rol e sesgos da investigadora.

**Conformabilidade:** trata de evidenciar a posición dende a que o investigador recolle a información cada momento 28. Garántese a través da descrición detallada do estudo, os datos e a análise, así como a través da explicación do rol do investigador e sesgos.

#### 4.9. Aspectos éticos:

O tratamento dos datos obtidos realizouse conforme o disposto pola Lei Orgánica de 15/1999, de 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Tendo en conta as modificacións propostas o 7 de Maio de 2005. (31)

Para asegurar o anonimato dos participantes, así como a confidencialidade da información obtida, facendo constar os dereitos dos participantes, redactouse unha folla de información ao participante (Anexo 2), a cal recolle tódolos aspectos que foron considerados relevantes para a participación no estudo. Así mesmo, redactouse unha folla de consentimento informado (Anexo3) para os participantes así como para os titores legais dos informantes menores de idade (Anexo4).

Será labor da investigadora o mantemento da confidencialidade de tódolos participantes así como dos datos obtidos. Con tal fin, os datos serán codificados e a relación códigos-identidade debidamente custodiada.

Do mesmo modo, foi solicitada unha autorización a Banda de Música estudada para realizar nela dita investigación (Anexo 1).

Todos os nomes de persoas que foron incluídos nos discursos dos diferentes participantes, foron eliminados nos resultados deste traballo co fin de manter o anonimato de terceiras persoas.



## 5. Resultados:

Tras o análise dos datos recollidos durante a observación participante e as historias de vida, organizouse a información en categorías e códigos de significado seguindo o esquema xeral descrito na **¡Error! No se encuentra el origen de la referencia.** Táboa III.

CATEGORÍAS	CÓDIGOS
<b>Estruturação do grupo</b>	Organización do grupo Introdución ao grupo
<b>Actividades desenvoladas polo grupo</b>	Ensaio Concertos Outras actividades
<b>Significados da participación nunha banda de música</b>	Pertenza a un grupo Apego ao pobo Ocio e diversión Promotor de benestar Fomentador de independencia Devolución Xerador de cultura para o pobo
<b>Adquisición de capital social e cultural.</b>	Respecto polos outros Responsabilidade Saber estar Sacrificio

Táboa III Esquema xeral de resultados

### 5.1. Estruturação do grupo:

Como se indicou na descrición da poboación estudada, podemos clasificar as persoas en tres grupos segundo a súa vinculación coa música: estudantes de música, afeccionados e profesionais. Dita clasificación foi realizada segundo a clasificación que os propios entrevistados outorgaban a súa vinculación coa música en primeiro lugar.

Así, cabe destacar como en diversos casos as persoas outorgábanlle máis de un destes significados a súa relación coa música. Dita clasificación é evidente nos discursos dos músicos en numerosas ocasións:


*“Na banda digamos diferenciase entre dous, tres grupos de persoas , os profesionais que son músicos, vanse dedicar a música e o fan moito por interés ou porque realmente aman a música e viven dela e tamén teñen unha responsabilidade porque probablemente viven da música gracias a banda, empezaron na banda... Despois están os maiores... xente maior que segue na música como hobby, pertenza de grupo, neste momento e o meu caso, segues na música porque che gusta por hobby e porque tamén tes unha responsabilidade de que decides estar nun grupo e seguir nel para que siga adiante e despois a xente que aínda esta empezando e aínda non sabes se van ser profesionais se será un hobby”*  
(H10).

*“Na banda pois podemos ver a xente que é profesional que se dedica a música, que traballa coa música, despois a xente que si estudou pero non fai da música a súa vida o seu traballo ou xente que ven a banda porque lle gusta estudou música aquí na escola e pouco mais, e os que acaban de empezar”* (H15).

No discurso dos músicos entrevistados, apreciábase ademais outra clasificación que no momento inicial non foi tomada en consideración pola investigadora, pero que se foi evidenciando durante as entrevistas e a observación participante. Trátase dunha clasificación cronolóxica que sitúa os músicos en tres grupos segundo o momento da historia da banda no que entraron a formar parte da mesma e por tanto, a parte da historia da agrupación que foi vivenciada. Deste modo, dividen a historia dende unha perspectiva social en tres fases diferenciadas. Esta diferenciación, representada na Ilustración 4, é realizada en torno a cohesión do grupo percibida polos membros da banda ao longo da historia da agrupación e é

percibida polas persoas mais veteranas de forma principal o ser estes os que vivenciaron mais etapas.

*“Houbo unha quinta, a nosa, que íbamos cos grandes, logo foron deixándoo e logo houbo unha xeración moi grande que entraba na banda tres ou catro dunha... despois tres ou catro de outra... pero, agora, volveu entrar unha xeración grande e volve haber outro colectivo”.* (H6)



**Ilustración 4. Etapas da banda.**

**1ª etapa ou inicios da banda de música:** Correspóndese cos primeiros anos da historia da banda. Os compoñentes que van incorporándose na banda o fan en grupos de persoas de idades próximas e pouco a pouco van conformando un grupo sólido que mantén a súa relación dentro e fora da agrupación.

*“Cando eu entrei na banda veñas eso, na época das miñas irmás, realmente era incluso mais, porque aquela escola de música era como un centro social e daquela... aquela xeración de xente que estaba na banda era realmente unha piña”* (H13).

*“Era como se todo foramos da mesma idade, iamos de excursión a calquera sitio e non nos separábase ¿sabes? lamos sempre xuntos a todos lados. E despois ¿que pasa? Que a xente maior foise marchando, entón claro, mentres entra xente máis nova e mentres esa xente nova non crece pois a banda dispersouse un pouco”* (H9).

*“E acórdome que ao principio cando eu vía isto dende fora sempre me daba a sensación de que era unha gran familia todos.. non sei, eran unha piña, esta claro que agora as cousas non son iguais”* (H15).

**2ª etapa ou Brecha Interxeracional:** Trátase dun período no que a incorporación de novos músicos a banda faise mais lenta, aparece unha diferenza entre os “maiores “ e os “novos” , a cal en moitos casos resulta difícil de superar. As persoas que entran a formar parte da banda teñen o seu círculo de amizades fora da banda non no seo desta, e a súa relación dentro do grupo non se consolida dunha forma tan estable como nos anteriores casos, aparecendo só co paso do tempo.

*“Nó meu caso non cuadrei co grupo de amigos, iso creo que tamén e importante. Sempre suele haber tres, catro, cinco persoas da mesma xeración no? No meu caso estamos dous creo da mesma xeración que realmente tampouco eramos amigos, entón eu creo que no meu caso non me axudou pero tampouco foi impedimento” (H10).*

*“O que vexo agora e que xa que si, na banda tes compañeiros, amizades, pero despois están moi marcadas as amizades que ti tes fora da banda. En santa Cecilia, que vas logo por aí, xa todo o mundo vai tirando para os seus grupos. Non se ve esa consitencia de grupo de dicir pois no, estou con estes porque son tamén os meus compañeiros, en cambio antes si que se vía” (H15)*

Ou observándose como esta separación se segue perpetuando na actualidade.

*“La banda siempre fue por grupitos, no hay un grupo grande de unión, siempre funciono en grupitos” (H8).*

**3ª etapa ou Etapa Actual:** Volven entrar grupos mais numerosos e de idades mais próximas xuntos na banda, comeza a observarse como se produce dentro da banda unha agrupación por xeracións que a súa vez, se relaciona de forma mais sinxela cos grupos mais veteranos, comezando a aparecer relacións transxeracionais moito mais importantes. (O1, O2, O3, O5,O7, O10)

*“A ver, pues primero tienes tu grupo de amigos de tú misma edad, entonces ahí ya vas cogiendo confianza, luego vas haciendo amigos más mayores, más pequeños también de los que entran... y al final conoces a todo el mundo” (H3).*

Do mesmo modo, gran parte do grupo de persoas da segunda etapa, comeza a sentirse moito mais involucrada dentro do grupo xeral.

*“Al principio no te integrabas tanto, de hecho yo creo que mi integración es mas de los últimos años que somos un poco como, el núcleo de gente que lleva más tiempo, bueno no, están los que llevan mucho más tiempo, pero ya somos, no sé, ya somos entre comillas veteranos” (H8).*

Na observación participante, apréciase como na actualidade existe unha relación grupal xeral, onde as relacións flúen en diversas direccións. Sen embargo, nos momentos de lecer, segue a distribuírse en certo modo de forma xeracional, manténdose subgrupos unidos por idades e por sexo. Non obstante, apréciase tamén a aparición dun grupo mais amplo e heteroxéneo onde ten cabida xente de diversas idades. Esta división é observable nos tempos de ocio xerados durante as actuacións (O6,O7, O8) ou no lugar no que se sitúan nos autobuses durante as viaxes (O6), desaparecendo e homoxeneizándose o grupo en momentos de menor dispersión, como durante os ensaios, o finalizar estes (O2, O7, O8) ou nos ratos entre pasarúas ou cando están agardando para tocar (O1, O3).

Dita cohesión grupal nítrese nun primeiro momento dunha cohesión xeracional que posteriormente se amplía en diferentes direccións, aparecendo novas redes formadas pola pertenza a mesma corda de instrumentos, ou persoas de instrumentos situados de forma próxima na formación da banda, sobre todo durante os ensaios (O2,O5,O7), e por outra banda, obsérvase como as persoas se agrupan ademais por afinidade ou gustos de interese. Desta forma, aparecen extensas redes de relacións que producen a aparición de relacións transxeracionais as cales os músicos describen como de gran valor.

*“este grupo de xente que é moi heteroxéneo, no que hai xente como o XXXX de 70 anos, a maioría moitos 30, rapaces de 13, 14, 15 anos.. e esa convivencia para calquer persoa, sexa nova ou maior, debería ser moi enriquecedora” (H10).*

*“Es entonces un colectivo que abarca mucha diversidad de gente, y de personalidades, y de diferentes edades digamos que eso también es importante, porque dentro de este colectivo convivimos desde gente muy joven de 14 o 15 años hasta gente un poco más mayor y gente mucho más mayor porque tenemos un señor con nosotros que, debe tener 62 años.” (H11).*

*“Iso tamén te sirve para, polo menos a min, a min sérveme moito. Eu vou falar. Hai moita xente que é reacia a ir falar con alguén q é moito maior que el porque, ostra! eu vou parecer un neno o falar o lado de el, ou vou parecer un pouco infantil, non... a min nese sentido dáme igual falar cunha persoa de 50 anos que con unha de 4.” (H4)*

Esta evolución do grupo, tamén modificou a existencia de xerarquías, moito mais marcadas na primeira e segunda etapa que na actualidade.

*“Antes había unha directiva, había un director, e sinceramente os músicos antes non pintaban nada. Eras un simple traballador dunha empresa que non tiña nin voz nin voto. Chegado algún punto si que podías ter...bueno, os pequenajos xa nin de coña, vamos, pero os maiores case non tiñan tampouco nin voz nin voto, a non ser que fora algo de moita transcendencia pero comparado con a día de hoxe...” (H 12)*

*“Estarían os novatos, os que levan pouco tempo, están os que, coma min, xa levamos un tempo, e despois xa están os que levan toda a vida: vinte anos, trinta anos, logo pois xa está o director, a parte, por outro lado, incluso por encima deses, e incluso por encima do director está a directiva. Que despois hai roles, porque esta jerarquía está nos ensaios, nas actuacións... pero despois unha vez sales dos ensaios, actuacións,*

*nas xuntanzas, nas comidas, nos viaxes, esa jerarquía pérdese un pouquiño.” (H5)*

Estas xerarquías non son sen embargo apreciadas polas persoas mais novas da banda, nin foi percibida na observación participante en ningún momento, salvo por unha posición de autoridade cara a directiva e o director da agrupación.

*“Somos primeiros, segundos... pero todos somos iguais. Yo creo que somos todos iguais ni edades ni instrumentos...” (H3)*

Pese a non formar parte da poboación estudada, cabe destacar a importancia dada nos seus discursos como unha parte mais do grupo a directiva da agrupación, a cal se encarga da parte organizativa e administrativa de agrupación e está composta por pais de membros da banda e por músicos da banda.

Ademais de esta actividade administrativa, obsérvase como realizan outras actividades como colaborar na carga e descarga dos instrumentos e materias precisos para a realización de concertos, recaendo, en moitos casos sobre eles a maior parte deste traballo (O1, O3, O11). Actualmente, está conformada por 8 homes e unha muller, sendo salientable como dita formación está composta principalmente ao longo da historia da banda por representantes masculinos (H9).

A representación feminina na equipa organizativa, aínda que non oficial, é evidente durante a observación participante, e responde aos roles de xénero clásicos da cultura occidental, sendo as esposas dos membros da directiva as encargadas en moitos casos de , preparar comidas nas diferentes xuntanzas da banda ou recaendo en moitos casos nelas e nos seus maridos o coidado dos nenos de menor idade da banda nas saídas realizadas pola banda de música (O3, O10).

Dita separación por xéneros entre os membros da banda é menos evidente, aínda que quedan vestixios desta en tradicións como a de

dividirse nas festa do pobo por sexos para ir almorzar, os homes a un bar e as mulleres a outro, tradición que comeza a desaparecer nas novas xeracións e que se reflexa en comentarios como o recollido durante o almorzo que o concello ofrece aos músicos no día da festa do pobo (último vestixio desta tradición que antigamente era común cada vez que a banda de música tocaba nunha festa do pobo). “ya sois muchos chicos hoy aquí, este es el bar de las mujeres de siempre” (O11).

#### **5.1.1. A incorporación ao grupo:**

As persoas entran a formar parte do grupo tras demostrar uns coñecementos musicais mínimos establecidos pola equipa directiva da asociación.

Segundo os datos obtidos a través da historias de vida, de forma habitual, esta entrada realízase dende a escola de música da propia asociación, sendo os profesores desta os que establecen en conxunto coa equipa directiva que persoas están preparadas para incorporarse a agrupación.

Noutras ocasións, os músicos non forma parte da escola de música da asociación. Nestes casos, as persoas interesadas en entrar a formar parte da agrupación deben demostrar ante o director da banda os seus coñecementos sendo este quen da o visto bo a incorporación da persoa aos ensaios.

Tras dita decisión, os novos membros comezan a acudir aos ensaios semanais da agrupación e, cando o director da banda o considera oportuno, comezan a acudir aos concertos que a agrupación realiza.

Esta incorporación sen embargo non é “oficial” ata que os novos membros son presentados ao pobo durante o concerto que a banda de música realiza de maneira anual celebrando a festividade de Santa Icíá. Tras un acto relixioso na igrexa do pobo, realízase un concerto no auditorio municipal durante o cal o presidente da banda, presenta para todo o público aos novos músicos os cales se van levantado ante o seu nomeamento para ser recibidos polos demais músicos e público con



aplausos. Tras isto, realízase unha “comida de confraternidade” a que asisten os membros d banda, a directiva, e tódolos socios que desexen participar.

Obsérvase nas historias de vida realizadas, como o rito de Santa Icíá cobra mais ou menos importancia nas diferentes xeracións, desta forma, recóllense relatos que o contemplan como o inicio dentro da banda

*“o primeiro concerto tiña dez anos , un 5 de xaneiro, cabalgata de reis en Vilagarcía, todo pasacalles como primeira actuación, e nada a seguinte santa Cecilia foi xa cando entrei na banda” (H10)*

“Santa Cecilia está claro que e unha tradición. Supoño que igual que a min me fixo ilusión entrar na banda, a xente que ven detrás tamén lle fará ilusión. Creo que en xeral igual non é tanto o de antes “ (H13)

*“yo empecé a ensayar en enero febrero 2002, el 2 de junio hice mi primera actuación con la banda, la primera vez q fui a tocar y fue en Arzúa. Pero no eres músico de manera oficial, Santa Cecilia es como la oficialización de que entraste, todavía no eres miembro, eres miembro en cuanto te presentan, ahí entras en la banda” (H14).*

Nos discursos de persoas de menor idade sen embargo, a importancia de dito rito non é incluído en ningún relato, considerando a súa entrada na banda no primeiro concerto realizado con esta.

En canto a motivación que motiva as persoas a iniciarse na banda, atopamos nos discursos dos músicos tres motivacións diferentes para comezar os estudos de música:

- **inicio por desexo dos pais ou de outros familiares:** trátase do motivo ao que mais veces se fixo referencia. A maioría comezan en idades moi temperás ditos estudos e o fan por desexo das súas familias.

*“meu pai chegou un día casa e díxome “ai!, anoteite a clases de solfeo” e eu ao principio a verdade e que non estaba moi entusiasmada, pero bueno, logo empecei en clases de solfeo e gustoume” (H9)*

*“Pois eu ao empezar non tiña moita ilusión pola música, fun un pouco por convencemento dos meus pais pero bueno, grazas a un concerto didáctico que houbo cando era pequeno que iba en terceiro- cuarto de primaria, e non sei, gustoume o instrumento que se movía a vara e dixen pois nada, pois eu quero tocar iso e empecei a ir a música. (H4)*

*“Mi abuelo tocaba muchos instrumentos, yo me acuerdo de ir a mi casa, a casa de mis abuelos y había trozos de instrumentos por el desván, y bueno, y sí que era también ese tema de, no sé, un poco era como una manera de seguir esa tradición, y aparte ninguno de mis primos siguió... fuí la única, y mi abuelo estaba muy...estaba muy orgulloso de eso, y a mí eso me gustaba ¿no? (H8)*

- **inicio porque outros estaban:** comezaron en música por imitación de outras persoas, en moitos casos, irmáns que xa tocaban

*“eu vivía alí e o lado estaba XXX que daba clase de música e eu claro, miraba que os nenos ían alí eu tamén quería ir, non sabía que era a música nin nada” (H10)*

*“Eu empecei os oito anos, miña irmá tocaba na banda e díxome: Queres empezar a estudar música? E díxenlle: pois vale, e foi así un pouco a historia, e bueno, despois diso empecei a estudar música e como moitos colegas daquela que si estábamos xuntos no colexio tamén estaban alí, tamén era unha forma de estar cos compañeiros” (H 13)*

En canto a entrada na banda, nas súas historias de vida a maioría descríbena como un paso mais, unha entrada por inercia, e a vez o cumio dunha etapa de estudo.

*“foi unha inercia. De empezar a estudar música, pois a inercia , o que estaba ben, o que era seguir a evolución era ir a estudar xa aquí na*

*escola, conservatorio, non sei, eu era pequeno, nin me daba conta, era o que había que facer, cumprir prazos.” (H10)*

*“A todos nos gusta entra na banda, porque alí é como o cume da escola de música , entrar na banda” (H4)*

Por outra banda existe outra perspectiva na que as persoas si están esperando entrar na banda, que está presente sobre todo en persoas pertencentes a familias que xe están moi involucradas coa agrupación antes da súa entrada, viven próximas o entorno da banda dende pequenas e aspiran entrar a formar parte do grupo.

*“Me llamó entrar en la banda qué es parte de mi vida, de mi familia, en ella está mi hermano... y era ya algo más familiar” (H7).*

Existe unha evolución a partir da introdución na banda. As persoas que entraron nos últimos anos, indican que aínda que é complicado ao principio pola falta de seguridade, e polo descoñecemento do grupo, esta entrada é progresiva e atópanse arroupados polas persoas que as rodean. Segundo o instrumento que toquen, estes cambios veñen ou non vinculados ao cambio de papel dentro da corda, sendo destacable a influencia que estes cambios teñen na corda de clarinetes, a mais ampla da banda e non sendo sen embargo referenciada polos membros de outras cordas.

*“Éramos como los bichos raros, nos relacionábamos las tres que éramos de la misma edad, yo iba con miedo, si de no me sale... Pero después ya... si, probablemente cuando cambie a segundo... que ahí estaba XXX y ya empecé a conocer me fui integrando...” (H2)*

*“Empezas a ir a ensaiar e o primeiro día chegas alí e bufff, a ver como e iso, a banda grande, nunca estuben... Pero como empezas a ensaiar e ao mellor vas a unha festa e tal pois empezas a encamiñar . E unha entrada que no e moi forzada , non e dicir entras e Buff fáiseme grande, non, pouco a pouco vas entrando. (H4)*

Ademais, entre a observación (O2) e as entrevistas obsérvase como existe un cambio na estruturación do grupo, promovéndose a participación dos novos membros en papeis principais sempre que é posible.

## 5.2. Actividades desenroladas polo grupo:

Podemos dividir as actividades da banda de música en: Ensaios, actuacións e outras actividades.

### 5.2.1. Ensaios:

Os ensaios realízanse tódolos fins de semana, os venres pola noite e os sábados pola mañá. O horario exacto destes ensaios pode variar segundo as necesidades do momento no que se atope a banda, pero xeralmente adoitan ser dous ensaios xerais de dúas horas de duración. Constitúen o día a día da banda de música e por ese motivo teñan un valor importante na convivencia dos membros da banda. Neles establécense relacións sobre todos con músicos da propia corda, ou das próximas, establecéndose vínculos e xerando vínculos entre eles (O2, O5, O7, O8).

Podemos distinguir principalmente tres tipos de ensaio:

**Ensaio xerais:** teñen unha duración de entre dúas horas e dúas horas e media. Neles está convocada toda a banda, son os ensaios mais habituais.

**Ensaio seccionais:** Ensaia unicamente ou a sección de vento madeira, ou a sección de vento metal. A súa duración é de entre 1:30 – 2 horas.

**Ensaio específicos:** Moito menos habituais, realízanse cando é preciso traballar de forma individual con unha ou dúas cordas de instrumentos. Adoitan ter unha duración de unha hora. Apréciase en ditos ensaios un ambiente mais distendido, os membros da corda están moito mais pendentes uns de outros, a relación que se aprecia e moito mais estreita entre eles (O5).

Durante os descansos e ao finalizar os ensaios, é cando aparecen relacións entre diversos membros da agrupación mais ala dos compañeiros de corda. É habitual que ao finalizar o ensaio dos venres, diferentes grupos de persoas se deteñan durante un rato na entrada da escola de música, conversando sobre diversos temas, así como que entre diferentes grupos entre os que xa se estableceu maior relación, vaian xuntos a compartir o seu tempo de ocio (O2, O7).

### 5.2.2. Concertos:

Os membros da agrupación coinciden en diferenciar tres tipos de actuacións que realizan:

**Festas:** As actuacións mais habituais dentro do grupo. En horario de mañá, tarde, ou mañá e tarde. Tócanse nestas habitualmente pasarúas, procesións e concertos. Teñen importancia dende o punto de vista administrativo ao ser remuneradas ditas actuacións, constituíndo unha parte importante do sustento económico da agrupación (H10).

**Certames de bandas e concertos:** Son de carácter mais serio e protocolario. Obsérvase como as normas son mais respectadas polos membros da banda, incluso na indumentaria (O9).

**Concursos:** Trátase de concurso nos que as bandas de música compiten con outras bandas. Nos discursos dos músicos aparece unha dualidade de opinións respecto a participación en estes, podendo destacar dúas categorías:

- **Promotores de prestixio:** entendido como un recoñecemento ao esforzo realizado polo grupo que proporciona satisfacción persoal e orgullo.

*“A satisfacción por exemplo cando vas a un certame, o esforzo que fas e despois conseguir un premio, por exemplo como foi o de Pontevedra que estábamos alí a espera que che dean o resultado do premio e che dicen que a banda é primeira e moi grande ese orgullo que temos” (H6)*

- **Promotor de competencia:** Entendendo competencia dende unha perspectiva negativa como un xerarquizador desfavorable para o benestar común

*“eu sempre digo que o tema dos certames e o peor para as bandas, o peor, non ten ningunha apartación positiva, todo o que sea competencia non me parece ben. En calquer aspecto do que estamos falando, de que hai persoas que están buscando un benestar persoal, non me creo que ninguén este aquí polos recoñecementos....” (H15)*

### 5.2.3. Outras actividades:

#### **Comidas de confraternidade:**

Existen diferentes actos que se realizan por tradición anualmente, en concreto, podemos incluír tres xuntanzas “tradicionais”

A festividade de Santa Icíá (xa anteriormente descrita), a cea de Nadal na que participan os músicos e a directiva, e na que se celebran anualmente os “premios chupito”, nos cales son nomeados, en ton irónico, en diversas categorías persoas da banda que foran protagonistas de diversas anécdotas acontecidas durante o ano entregándose ao gañador unha copa de licor café e un diploma, e unha comida durante o verán na que se prepara un churrasco para todo grupo.

Ademais, existen as veces outras pequenas xuntanzas realizadas ao longo do ano co obxectivo de fomentar a unión do grupo. Desta forma, acostuma a realizarse unha festa en fin de ano, que aínda que non sexa organizado de forma directa pola organización da banda, e organizado por parte dos músicos no propio local de ensaio e son convidados a participar tódolos membros da banda, ou o visionado dun partido este verán durante o mundial antes dun ensaio, levando cada un algo para cear xuntos (O4).

#### **Viaxes:**

Ao longo da súa historia, a banda ten realizado viaxes de diversa duración nas que os compoñentes viaxaron a diversos lugares para actuar e pasar uns días de ocio conxunto.

O tipo de viaxes realizadas variou o longo da historia da banda, realizándose nos primeiros anos intercambios con outras bandas de música nos que os músicos se aloxaban nas casas de outros músicos da banda coa que facían o intercambio e despois compartían as súas propias casas con estes músicos ou unha viaxe a Brasil e Arxentina no ano 1993, que aínda comentan moitas persoas, pertencesen ou non naquel momento a banda de música (H10, H11, H12, H14, H15).

*“Non foi o meu caso pero cando se foron a Argentina... que a min me parecía increíble que rapaces con doce trece catorce anos se foran así... bueno claro era cruzar o charco, era algo peculiar non?” (H15)*

*“Fuimos a una gira internacional, a Argentina y Brasil, de veinte días, que bueno, esa también fue, digamos, una actividad que marcó también nuestras vidas, porque claro, éramos todos muy niños, era un viaje internacional, salir fuera de...digamos del país, y a la vez muy emocionante porque sobre todo en Argentina y en Brasil hay muchos emigrantes de YY, y tuvimos una..., era una...,claro, allí la gente a recordar su niñez y su estancia en el pueblo donde nacieron ¿no? Nosotros llevamos allí la música tradicional de aquí de Galicia, muiñeiras, jotas, gran repertorio con gaitas, y fue bastante emocionante, y pienso que para todos inolvidable, porque vivimos unas vivencias que serán irrepetibles a lo largo de nuestra vida.” (H11)*

Outras viaxes foron realizadas para actuar diversos lugares fora de Galicia ou para competir en certames.

Este tipo de viaxes son as que se seguen a realizar na actualidade. Foron nomeados nas entrevistas lugares como Oviedo, Zaragoza, Barcelona, Luarca e Toledo.

### 5.3. Significados da participación nunha banda de música popular

#### **Pertenza a un grupo:**

Comprendida esta como o sentimento de formar parte dun colectivo en concreto, co que te identificas e que te posiciona dentro de unha comunidade. Cabe destacar que este significado esta incluído en tódalas historias de vida realizadas.

A necesidade de promover a unión do colectivo está presente en tódolos discursos, considerándose a base para que a banda de música exista.

*“Unha banda popular non profesional pois o que fai que funcione e que haxa grupo humano, iso sin duda, estou convencidísimo, porque se non hai eso, non hai outra motivación , para min hai unha motivación musical porque é a miña profesión agora mesmo pero para a xente q esta por hobby eso é esencial, que ti na banda atopas un grupo de amigos, un bo ambiente, actividades que se fan xuntos. Cando o feeling é bo sempre traballas mais a gusto, nunha actuación, un ensaio o que sea, eso é fundamental” (H13)*

*“O que é a banda baséase moito, para min, basease moito nos compañeiros, porque está ben e o final e un hobby claro. Esta ben tocar ben e tocar moi ben pero, si vas alí e non estas a gusto e vas alí a pasar tempo a ver cando acaba, a ver pa hora, pois perde gracia non?, xa tes que ir un pouco amargado, pois agora hai que ir pa banda , pero se chegas alí e estas cos compañeiros, os amigos, estas un rato tocando, atento e tal pero sabes que o saír , vas saír, vas ir ...eu que sei , sabes?,para min... eu pásoo ben indo a banda”. (H4)*

Con este obxectivo se realizan tódalas actividades que non teñen que ver directamente coa realización de música as cales adquiren un importante valor como fortalecedores do grupo.



*“pois é importante a cena de navidade e tal, porque son encontros e o que falabamos antes compañeirismo, facer grupo” (H4)*

*“La cena de navidad, los premios chupito, es un recordatorio de todo el año, se recuerda todo el año de la banda y no se... es importante recordar todos juntos... eso te queda de recuerdo el diploma lo tienes en casa” (H1)*

No referente aos viaxes, son valorados por tódalas persoas entrevistadas como de moita importancia para a banda o ser momentos nas que o grupo se une dunha maneira mais forte.

*“Viajar con la banda significa, con el resto de componentes es ir a tocar fuera estuvimos en valencia, Zaragoza, en muchos sitios... y significa eso, compartir esa semana o días con ellos y formar parte de... una agrupación la convivencia... el estar juntos... el tocar y al fin y al cabo... pasarlo bien”. (H7)*

*“ É cando mellor coñeces a xente, nas viaxes, e cando máis unión se fai na banda, cando vamos de viaxe. Iso si, cando hai que tocar hai que tocar, como digo eu. Pero eu penso que tocar non se toma, eu non o tomo como traballo, eu sei que vou de viaxe coa banda e a min gústame tocar, e saio de festa pero sei que teño que tocar ao día seguinte pero non... a min gústame porque se fai unión, e porque estás máis coa xente e a banda mellora así. (H9)*

Tamén nas motivacións da persoas para acudir aos ensaios se evidencia a importancia das relacións sociais, así, observase como algunhas persoas xa quedan antes para ir xuntas aos ensaios (O2, O8), ou como se quedan ao finalizar este.

*“Ir ós ensaios, eu que sei, para min ir aos ensaios é unha forma de reunirse cós amigos, porque hai xente que, coma ti, están estudando fora pola semana e cousas así, ou están estudando fora e solo veñen polo verán, pero para min ir ós ensaios é como non sei, é que como sempre o*

*fixen é como unha cousa de rutina, pero bueno, a min gústame ir por iso, porque teño amigos alí e é unha forma de reunirme con eles.” (H9)*

Dedúcese ademais das historias de vida, a importancia da banda como xeradora de amizades, rompendo barreiras de clase social ou transxeracional.

*“Genera socialmente moitas amizades, e ademais de moi distinta idade ou moi diferentes socialmente. Podes ser amigo de un tipo que está forrado e é o rico do pueblo e este pode ser amigo do mais pobre, que tivo a sorte que lle regalaron un instrumento e tocar. Digamos que cando estas na banda non... gracias a díos, home algo se diferencia evidentemente pero o final coñeces a xente que é moi distinta que ao mellor fora da banda non coñecerías por clase social ou o que sexa , diferencias de idade, non sei, ¿Cómo se fan as amizades? Pois normalmente fanse por idade ou sitio onde vives entón na banda o ser un sitio tan heteroxéneo e distinto fai que coñezas xente e amizades realmente moi dispares” (H10)*

#### **Apego ao pobo:**

Entendido este como vínculo entre persoa e lugar. Obsérvase nos discursos como o ser membro da banda, produce en moitos casos un sentimento de implicación no pobo, de pertenza. Ademais, repítese nos discursos como a banda representa ao pobo.

*“te hace sentir miembro de YY porque realmente vayas donde vayas tu formas parte de aquí porque naciste aquí en este municipio y llevas ese nombre marcado: yo soy miembro de YY y toco dentro de la banda de YY, soy representante. Te notas como representas al pueblo, vayas donde vayas lo vas a representar” (H7)*

*“porque soy de YY y YY es YY. Hay gente que no tiene identidad de donde es y le da igual vivir aquí o... a mí me gusta de donde soy... en el conservatorio de ZZ decían que yo llevaba el escudo de la banda y YY en la frente. Yo todo es YY, la banda, mi banda” (H14)*

Esta relación co pobo ademais, sitúa aos músicos nun rol activo dentro da comunidade, na que consideran aportan cultura a través dos seus concertos.

*“La música es sinónimo de cultura para mí, me parece la música algo fundamental que no debería dejar de existir ni nadie debería dejar de hacer música y sí que aportas algo culturalmente a YYY, algo que va a ver la gente, la gente va a ver a la banda tocar, si estas tu ahí sí que estas aportando.” (H1)*

*“E moi importante que un pueblo como YYY que non sei cantos tera agora pero cerca de 8000 9000 algo así, e importante contar cunha banda de, ponlle que agora a que seremos agora uns 50 integrantes, unha escola cuns 300 alumnos, é moi importante e dá posibilidades. Primeiro xera cultura a vila, pode disfrutala toda a xente da banda e as actividades culturais que organiza a banda, interveña ou non a banda, como o curso que se facía no verán, e así mesmo os pais teñen a posibilidade de que os seus fillos poidan pertencer a banda, aparte dea tódalas outros grupos actividades que se oferten no concello ou concellos de arredores pois poden facer que os fillos aprendan música” (H10)*

Cabe destacar como é a relación entre a comunidade e a banda. Actualmente a banda de música de YY conta cun grupo de socios que colabora con esta, pero ademais existen persoas que habitualmente acompañan nos concertos como público(O1, O6, O9) e incluso nas súas viaxes.

*“están os socios, os pais dos rapaces aos que lle gusta, ou xente que nunca lle gustou a música e agora ten un fillo e agora gústalle a banda, está na directiva...” (H6)*

*“Realmente, nosotros los necesitamos a ellos, no haríamos... ¿qué es un concierto sin público? ¿Y sin familias que están ahí para escucharte? Realmente cuantos más mejor, hasta nos sentimos más cómodos a la hora de tocar y estamos mejor...” (H7)*

A importancia dada a estas persoas polos músicos e notable nos seus discursos, destacando o valor dado a celebración de Santa Icíá como unha oportunidade de facer partícipes aos socios e as familias do propio grupo.

*“es un concierto que suele ser un conciertos más emotivo, o más importantes del año y luego digamos se hace la comida de confraternidad digamos que pueden venir los padres, los abuelos de toda la gente que forma la actividad, digamos que es un día familiar, porque conviven todas las personas que forman la banda, todos los músicos, aparte de las familias, que suelen venir abuelos, tíos... además de gente que no tiene ni hijos, ni nietos dentro de la banda pero que sí aman la banda de música, o les gusta la banda de música, se sienten orgullosos de que haya una banda en el pueblo y ese día digamos que es un homenaje a todos, entonces sirve como nexo de unión y de un día digamos de fiesta, para celebrar conjunto, no solo la banda, sino digamos con el pueblo. Es un acto de socialización entre la banda y el pueblo,” (H11)*

A banda de música está presente na comunidade de forma importante sendo recoñecido o rol de músico por moitos dos habitantes do pobo, Neste recoñecemento, reflíctese, segundo a visión dos músico unha diferenza entre as persoas que sempre viviron no pobo e as que chegaron a este nos últimos anos, sendo sempre nomeadas as primeiras ao ser as que viviron a historia da banda dende os seus inicios. Os músicos, describen ese recoñecemento do rol como un recoñecemento positivo

*“a xente que é de YYY sabe quen toca na banda, sempre hai os catro q son os mellores do fútbol e despois están os da banda, e dicir ser da banda e como unha seña de identidade que te acompaña no pueblo e a xente é consciente de que tocas na banda e sempre a xente considérao en positivo, o sea,, moi pouca xente considera en negativo, estar na banda ou pode menospreciarte por estar na banda eu creo que normalmente e todo xente maior claro, mirante con outros ollo e mostran unha pequena admiración” (H10)*

*Ser membro da banda en YYY é como ser do Barcelona en Barcelona. A redor da banda en YYY móvese moito ambiente e parece que no pero a xente maior tenlle moito respecto a banda e de feito vas por aí e ostras! ti tocas na banda tocas o trombón na banda, e téñenche moito aprecio. (H4)*

Esta visión foi cambiando ao longo do tempo. Aínda que nos seus discursos, todos os músicos defenden que sempre existiu un sentimento de “cariño” dos veciños pola banda, parece que o rol de música cambiou para a comunidade ao comezar a banda de música a obter logros en diferentes concursos, ao comezar a realizar concertos fora das festas, a aparición de certames e coa profesionalización de actividade de tocar música que foi aparecendo, comezando moitos dos participantes da banda a ampliar os seus estudos musicais e converter a música na súa profesión

*“A xente sempre lle tivo cariño a banda de música de YY, iso si, a xente identificouse sempre moito coa banda, iso é igual agora que antes, iso está claro. Pero antes como que cós músicos era un pouco...eran uns festeiros, eran os que amenizaban as charangas, as festas do monte, como que se profesionalizou un pouco ata a crítica da xente de YY. Eu creo que si. Antes era un pouco...a músicos!, pois si, pois...tan aí... Nunca viron que... Ese foi o gran cambio, grazas a xente que empezou a saír profesional de YY: XXX, estes todos, GGG estes todos primeiros, bueno... Eu creo que aí foi o gran cambio cara a xente, aí foi onde comezou a cambiar o pensamento da xente de YY, cara a banda e cara aos músicos”. (H12)*

### **Ocio e diversión:**

*A participación na banda é descrita como unha forma de ocio, unha afición a que as persoas que participan nesta adican o seu tempo libre co fín de divertirse.*

*“no tenemos que olvidarnos que mucha gente está aquí porque le gusta estar, porque se lo pasa bien, es una...digamos que un hobby pertenecer a una banda” (H11)*

*“eu por exemplo a día de hoxe, prefiro ir tocar por exemplo, se non teño mal día tampouco, que facer outras cousas como ir a dar unha volta por exemplo” (H2)*

Ademais, en moitos casos, e estruturadora de outros tipos de ocio fora das actividades propia da banda, ao esixir un tempo de dedicación amplo. Desta maneira, observase como a participación na banda, crea alternativas de ocio que a banda comparte, tanto nos ratos libres durante as actuacións , indo os compoñentes a un bar xuntos ou reuníndose en algún lugar mentres agardan a hora de volver actuar(O6)

*“Ir as festas para min tamén está moi ben, porque non chegas tocas e marchas, hai unha convivencia detrás, vas no autobús tal, e chegas e,, aínda non hai que facer o pasacalles e estas alí tomando un café, unha cocacola o que sexa, tocas, vas por ahí, pásalo ben e se igual cuadra que hai praia igual aínda ides a praia” (H4)*

como despois de saír dos ensaios, xa que estes os venres finalizan entre as once e as doce da noite (O1)

*“Pois o viernes en vez de saír cos amigos do colexio vou cos da banda, pois porque vou ensaiar e despois... o viernes é o día de estar en YYY porque como salo as doce xa non podo ir a outro lado” (H10)*

Ademais, as viaxes, convértense na forma de poder viaxar e coñecer lugares de moitos membros da banda, considerándo tamén dende este aspecto que a banda lles xera alternativas de ocio.

*“Viajas mucho sabes cómo es... a ver nosotros al final conocemos media geografía gallega eso mil gente no se la conoce ni yendo de viaje cien veces y sí, yo conozco sitios de Galicia, sitios, algunos perdidos do mundo”*

Debemos destacar tamén, como, aínda considerándose unha actividade de ocio, son moitas as referencias a como a participación na banda se converte en ocasións en privadoras de outro ocio desvinculado dela, o esixir unha dedicación de moito tempo durante as fins de semana, momento no que a maioría das persoas manteñen o seu ocio.

Desta forma, aparecen nos discursos, referencias a como a participación na banda chega a restrinxir a participación con persoas axeas ao grupo.

Estas perdas, son recoñecidas polas persoas entrevistadas como “sacrificios necesarios”.

*“afecta al ocio de una manera de la que, a lo mejor yo mis fines de semana tengo que tener en cuenta si tengo alguna actuación importante o lo que sea, pero bueno, luego también se recompensa por el hecho de que es gratificante pasar tiempo haciendo esto” (H8)*

*“cando socializas moito coa banda as veces deixas de socializar en outras partes, esa pode ser unha parte un pouco en contra, pero bueno... Despois iso, que no verán, agora menos, pero antes requería gastar bastante tempo, os fins de semana practicamente estaban xa todos gastados antes do verán porque xa tiñas as actuacións establecidas, as veces aínda aparecían máis” (H5)*

#### **Promotora de benestar:**

A participación na banda tamén é comprendida como favorecedora dun sentimento de satisfacción e tranquilidade que definimos como benestar.

*“Son un cerebro izquierdo, son racional, un músico trabaja más cerebro derecho, o artista. Ayuda a desconectar, a descansar o cerebro, a conseguir esa tranquilidad que un as veces necesita ao final da semana.” (H5)*

*“Si no la dejo es porque me aporta muchas alegrías también, además de sacrificios e ir por ahí... a muchos sitios a tocar como fuimos a Aranda...” (H7)*

*“Apórtame satisfacción, por exemplo cando vas a un certamen, o esforzó que fas e despois conseguir un premio, por exemplo como foi o de Pontevedra que estábamos ahí a espera de que che den o resultado do premio e che dicen que a banda é primeira e moi grande ese orgullo que temos, e logo unha cousa que me aporta e mirar o propio colectivo todos xuntos, pásalo ben, ir as festas... dame moita alegría, moita felicidade”*  
(H6)

#### **Fomentador da independencia:**

Aparece durante os anos de infancia e adolescencia e é sinalada sobre todo a hora de viaxar, ao realizarse estas viaxes con compañeiros e non cos pais.

*Ao estar na banda, como había xente de máis idades, de varias idades, eu penso que madurei antes. Non sei se foi a causa da banda ou non, peor a ver tamén é iso, sales coa banda, por exemplo eu aos seis meses de estar na banda xa fun a Valencia eu sola, sen meus pais, solo coa banda. (H9)*

*“Empecé muy pequeña y era este rollo de pues nos íbamos todo el día fuera, a lo mejor yo con trece años pues pasarme un día entero y volver, porque antes hacíamos verbenas y volvía a casa a las tres de la mañana. Yo eso, en mi vida había pasado tanto tiempo fuera de casa, llegar a esas horas y si... yo creo que pues a lo mejor no sé si independencia, madurez o... yo creo que sí que influye. Y el tomar responsabilidades. Tengo que hacerlo bien... estoy allí tocando, soy parte de un grupo, si yo fallo falla el grupo y no quieres que eso pase, tienes que tomar responsabilidades”*  
(H8)

#### **Devolución:**

Un significado presente nas persoas afeccionadas e profesionais e o significado de devolución, que se converte no obxectivo principal de todas estas persoas, ademais do maior motivador de manterse na agrupación.



Os músicos expresan a necesidade de devolver as novas xeracións os aprendizaxes e experiencias que nos seus inicios a banda lles aportou.

Durante as actuacións e ensaios é común observar como estas persoas adoptan un rol docente coas persoas que se inician na banda, inculcando valores ou normas propias da agrupación (un rol comunmente desenvolvido polos membros afeccionados), e un aprendizaxe musical por parte dos profesionais. Esta faceta foi claramente observada na O1, a cal era a primeira actuación nunha festa dos novos músicos, sendo visible como os músicos próximos lles indicaban onde situarse no pasarúas ou que partituras debían tocar en cada momento.

*“foi no sitio onde puiden empezar a desenvolverme, onde tiveron a oportunidade de tocar en moitos sitios que se non fora por iso non habería tocado meses sitios, donde coñecín a moita xente, de feito moitos dos colegas que sigo mantendo seguen alí, de feito segue sendo un vínculo de unión, e bueno, por todo iso, as oportunidades que me deu, pois mentres poida aquí estarei aquí para que a banda non se caia” (H13)*

*“Eu era das maiores pois, non é meterlle caña, pero tes que explicarlles que hai que estar atentos, o que teñen que facer, porque cando acabas de entrar na banda non sabes, e cousas así. Poñéndoos ao día” (H9)*

*“Que os rapaces vaian, sigan, sabes? que non teñan unha referencia nin nada eu creo que é bastante difícil, entón por iso o fago.” (H12)*

### **Xeradores de cultura para o pobo:**

Finalmente, outro significado que atopamos na participación na banda é a de xeradores de cultura para a comunidade.

*“La música es sinónimo de cultura para mí, me parece la música algo fundamental, que no debería dejar de existir ni nadie debería dejar de hacer música y sí que aportas algo culturalmente a YYY, algo que va a ver la gente, la gente va a ver a la banda tocar, si estas tu ahí sí que estas aportando.” (H1)*

*“Un pueblo como YYY, que non sei cantos tera agora pero cerca de 8000 9000 habitantes, algo así, e importante contar cunha banda de, ponlle que agora seremos uns 50 integrantes, unha escola cuns 300 alumnos, e moi importante, e dá posibilidades. Primeiro xera cultura a vila, pode disfrutala toda a xente, a banda e as actividades culturais que organiza a banda, interveña ou non a banda, como o curso que se facía no verán e todo e así mesmo os pais teñen a posibilidade de que os seus fillos poidan pertencer a banda” (H10)*

#### **5.4. A adquisición de capital social e cultural**

Como se explicou na introdución, entendemos capital cultural coma os recursos adquiridos a través da aprendizaxe social.

Destacan entre as aportacións que a banda proporciona aos seus membros a adquisición de coñecementos sobre cómo relacionarse con outras persoas. Desta forma, a heteroxeneidade do grupo proporcionaría aos músicos a oportunidade de observar diferentes formas de comportamento tendo a posibilidade de aprender destas observacións.

*“estas mais pendente do que lle ocorre a xente , sabes? A ver, cando se pon nerviosa pois apreta, cando non sei que, sóalle así... entón ao fixarte niso tamén te fixas na xente, entón cando se pon nerviosa fai iso, entón debía de ter...” (H2)*

*“saber convivir con gente de otros caracteres porque hay gente con caracteres muy fuertes...” (H3)*

*“Ves outras situacións, outras persoas, cousas coa moza..., vas vendo comportamentos, vas vendo situacións. Todo aporta, como a min me gusta aprender un pouco de todo, sacar sempre sustancia de case todo, normalmente sempre se pode sacar algo de case todo.” (H5).*

Obsérvase como aparecen similitudes importantes na forma de falar (O1, O2, O5), nas expresións empregadas e na forma de actuar de algúns

músicos entre os que hai maior vínculo, o que tamén é percibido por algúns dos músicos:

*“hay una cosa que se llama, no sé si lo conoces, mucha gente si lo conoce otra no. El proceso de influencia mutua, que es cuando convives con una persona que adquieres sus hábitos sus costumbres características. Y yo creo que sí, porque la gente... algunos amigos de la banda hablan igual todos. Las mismas expresiones, se comportan de la misma manera, otros son diferentes, cada uno tiene un carácter diferente pero si se muestra que se comportan igual sí” (H1)*

Durante os primeiros anos da agrupación, nos inicios da banda de música, achegáronse coñecementos novos para os músicos da banda estudada a través dos intercambios realizados. Estes coñecementos influíron na evolución do grupo, sendo iniciadores de actividades como a realización de charangas ou o cambio da visión de músico como, unha afección para convertelo nunha posible profesión.

*“a pouco de entrar a banda foi cando fomos o primer intercambio con valencia, con Ador, e bueno, viñeron eles aquí e con eles aprendemos moito, foi cando empezamos coas charangas, e todo iso porque eles son a terra das charangas, aprendémonos a facer charangas, entón logo animámonos a en santa Cecilia facer charangas” (H6)*

*“Luego pues nosotros le devolvíamos la visita a Valencia, fue en agosto del año 91. Fue una experiencia muy importante porque, digamos que aquí, en esos años aún se empezaba a estudiar música o...no había una cultura de estudiar música ¿no? Entonces cuando vinieron estos, los valencianos, pues casi que nos abrieron los ojos y nos dijeron que el mundo de la música era una forma también de ganarse el dinero, bueno, de ganarse la vida, una profesión a largo plazo” (H11).*

Descríbese tamén a adquisición de coñecementos musicais, así como da capacidade de traballar en grupo. Esta descrición e feito, principalmente polas persoas de recente incorporación a banda de música.

Así mesmo, existen unha serie de valores comúns que os compoñentes do grupo refiren adquirir dentro do grupo:

**Respecto polos outros:**

Obsérvase nos discursos a importancia outorgada a xerar un grupo que favoreza o respecto cara os demais a moi diferentes niveis.

Dentro dos propios compoñentes, aínda que se favoreza o respecto cara todos, destaca nos discursos, a aparición dun respecto especial cara ás persoas mais veteranas da banda

*“Cando realmente as rachas da banda son malas, hai poucos alumnos na escola... iso conleva que entran moi poucos alumnos na banda, a xente deixa...hai moita xente que empeza a pensar o de deixar a banda. Esa racha quen o levanta é a xente que realmente lle quere a banda, a xente que leva moitos anos na banda, e sen esa xente eu creo que...home non desaparecer a banda, pero sen esa xente a banda non pode avanzar (H12).*

Tamén se observa nos discursos a importancia deste de cara ao director, e de cara aos veciños que contratan a banda de música.

**Responsabilidade:**

Comprendida como a capacidade de cumprir co que se espera de un.

*“pienso que los valores que inculca pertenecer a una agrupación como es una banda de música son unos valores de respeto por los demás, de compromiso, porque tienes también un compromiso dentro de la banda lo cual, digamos que estructura ¿no? Porque pertenecer a un colectivo como es una banda de música pues tienes una serie de ensayos, y unas actividades que están ya programadas” (H11)*

**Saber estar:**

Como o coñecemento dos rituais esixidos en cada actividade e en cada situación.

**Sacrificio:**

Como a necesidade de ceder algunha cousa para lograr o obxectivo a alcanzar.

Esta preséntase como a perda de outras actividades por participar coa banda como foi descrita anteriormente, pero, ademais, é considerada polos membros da agrupación como un valor positivo, que demostra esforzo e interés por lograr un obxectivo

*“si que me fixo pois sobre todo darme conta do sacrificio doutras persoas, e o mítico de que algo quere algo lle custa, pero iso, ata que tes vinte anos moitas veces no te das conta, pero o estar en música e levar toda a vida, e ver que se queres avanzar e entrar tes que sacrificarte...Non vas entrar como no fútbol, que pasas de grupo soamente por cumprir anos. Isto é algo serio, algo que require un sacrificio, un feedback, que poñas da túa parte. Non é simplemente por rutina, ten que levar sacrificio. Entón eu creo que un dos valores que se gaña con respecto a outros grupos eu creo que é ese, que das mais aprecio o sacrificio o que custa alcanzar metas, obxectivos y en xeral, creo que crea persoas e nenos mais sacrificados, mais responsables e que saben que se algo queren van ter que facer algo, se queren conseguir algo, o que sexa, van ter que traballalo non vai cair do ceo nin por cumprir anos.” (H10).*

## 6. Discusión:

Os resultados deste estudo, mostran como a pertenza a unha banda de música produce nos seus integrantes unha ampla variedade de significados, así como unha importante adquisición de capital social e cultural que repercuten no seu día a día e no sentimento de pertenza a unha comunidade.

O significado de pertenza ao grupo constituído polos propios membros da banda de música, xa fora descrito anteriormente no seu estudo por Roberts e Farrugia no seu estudo sobre unha banda de música maltesa (11). Dita pertenza a un grupo relaciónase intimamente co capital social que a persoa adquire na súa relación coa banda de música, establecendo novos lazos presentes en múltiples direccións e que aparecen de forma principal entre membros da mesma corda ou cordas próximas, e persoas con características comúns como a idade, as súas relacións fora da banda ou os seus intereses, e ampliándose despois en lazos menos fortes en múltiples direccións no que se coñece dentro da Teoría de Redes como “mundo pequeno” confluindo dúas características antagónicas : a densidade de relacións (xerándose lazos fortes entre as persoas) e a apertura a novos grupos (32)

Este fenómeno, esta presente tamén na investigación antropolóxica realizada por Cremades (6) nunha banda de música sevillana. Aparecía sen embargo en dito estudo unha xerarquía clara entre os membros da banda, intimamente relacionada coa diferenciación por niveis e soldos dos diferentes músicos, que fai que cobre importancia en dita agrupación o capital económico, factor non presente nos discursos recollidos na actual investigación, debido a diferenciación organizativa da agrupación, non sendo mencionado por ningún dos entrevistados salvo como unha necesidade para soste a banda de música.

O apego ao pobo, entendido como un vínculo entre lugar e persoa (21), é referenciado polos participantes deste estudo como un factor importante, cargado dunha forte relación simbólica de representación do pobo fora de

este. Dito apego, comprendido como produtor de identidade humana e de sentimento de pertenza a un grupo (21), terá influencia na creación do rol de músico co que os participantes se identifican dentro da comunidade, aparecendo como indica a OMS a través da participación no arte unha identidade persoal e sentido de pertenza ao modificarse o rol da persoa dentro da súa comunidade (12). Desta forma, os músicos considéranse a si mesmos como representantes do pobo e, a vez, aproximadores de cultura ao resto da comunidade, nutrindo desta maneira a súa comunidade, sentimento común ao referenciado polos músicos do estudo de Roberts e Farrugia (11)

É a través deste sentimento de apego ao pobo como o sentimento de pertenza a un grupo dos músicos amplíase a membros activos da comunidade, que colaboran no día a día desta. Ditos resultados son comúns ós de outras investigacións que exploran o uso de actividades artísticas e persoas maiores (2) ou a utilización de actividades artísticas con un grupo de persoas sen fogar (20).

Os significados outorgados por Wilcock a toda ocupación están presentes na ocupación de tocar nunha banda de música popular. Así atopamos o “facer” como o propio acto de tocar nunha banda, “ser” como a adquisición dun rol dentro da comunidade e “devir” (14), así como o “sentido de pertenza” incluído por Hammell (11).

A significación de participar nunha banda de música como unha alternativa de ocio foi sinalada tamén por tódolos participantes, de maneira independente a cal fora a súa vinculación coa música.

Tendo en conta todos os factores que rodean a participación nunha banda de música, podemos afirmar como esta inflúe en diferentes áreas da ocupación da persoa. Desta forma, a participación nunha banda de música, terá aspectos que engloben de forma directa as áreas de ocio e tempo libre, educación, participación social e, nalgúns casos, traballo.

De forma indirecta, os membros da banda de música afirman que a participación nesta, tivo unha relación directa coa adquisición de independencia na actividades instrumentais da vida diaria, concretamente no área de autocoidados.

En canto a relación existente entre a saúde e a participación nunha banda de música, destaca nos discursos dos participantes o sentimento de benestar creado pola pertenza a un colectivo así como polo rol no que a participación nunha banda de música o sitúa dentro da comunidade. Estudos realizados anteriormente, apuntaban tamén como a participación en actividades artísticas de diferentes eidos proporcionaban ditos sentimentos a través da participación en grupo e a toma dun rol activo dentro da comunidade (2, 11, 8 22,23).

Ademais, no estudo realizado por Roberts e Farrugia (11), os membros da banda de música estudada referían sentimentos de evasión momentánea dos problemas cotiás, xerando un ambiente de calma e tranquilidade, sentimentos que tamén foron descritos por algúns dos participantes deste estudo. Ambos aspectos se relacionan coa concepción de ocupación como determinante de saúde e satisfacción (13) a cal se ve reforzada pola visión positiva que os membros da banda perciben por parte do resto da comunidade, factor que Wilcock xa considerou anteriormente como promotora do benestar social (14)

Aparece no discurso dos músicos un significado de devolución e perpetuación da agrupación descrita polos músicos mais veteranos como unha devolución de tódolos beneficios que esta lles reportou a través dos anos e que se constitúe como o factor mais importante para continuar pertencendo ao colectivo.

Por ultimo, podemos observar como se produce dentro da banda unha transmisión de valores que son considerados dentro do colectivo como positivos e que son destacados polos propios músicos como unha das apartacións mais importantes que a participación na banda de música lles



aportou, dita transmisión de valores, atopase tamén presente na investigación de cremades, sendo valores transmitidos de maneira habitual dentro das bandas de música.

## 7. Limitacións do estudo:

En canto as limitacións do presente estudo, non foi posible facer observación participante en actividades que realiza a banda de música como viaxes ou concursos ao non realizarse ningún durante o período que durou a investigación, sendo a información obtida sobre estas actividades recollidas de forma exclusiva polos relatos dos participantes.

Tras observar a inclusión feita polos músicos nos seus discursos, resulta interesante de cara a futuras investigacións a incorporación da perspectiva dos membros da directiva como parte integrante da banda de música, limitación atenuada en parte en este estudo pola incorporación no estudo de músicos que forman ou formaron parte desta nalgún momento da historia da banda de música, así como pola inclusión deste grupo na observación participante.

Por último, aínda que o estudo se limitou ao estudo da banda de música, nos discursos dos participantes observase como inseparable a relación coa escola de música, polo que resulta importante ter en conta a pertenza a esta e os significados que a pertenza a esta aporta aos membros desta en investigacións futuras. Tampouco se tivo en conta a percepción que a propia comunidade ten sobre a ocupación de tocar nunha banda, observándose unicamente a opinión adquirida polos propios músicos. Dita perspectiva sería interesante de cara a futuros estudos.

## 8. Conclusións:

Tendo en conta como entre as competencias de Terapia Ocupacional enunciadas pola ENOTHE (33) se atopa “explicar a relación entre desempeño ocupacional, saúde e benestar” e “colaborar coa comunidade para promover a saúde e o benestar dos seus membros a través da súa participación na ocupación”, o actual estudo contribuíu a identificación dos significados outorgados polos músicos de bandas populares a súa participación nesta, observando como tal ocupación inflúe na promoción da saúde de estas persoas a través da creación de ambientes favorables.

O actual estudo mostra cómo a participación nunha ocupación valorada pola comunidade na que se encadra e que forma parte dos recursos cos que a propia comunidade conta, favorece a creación de ambientes favorables que sitúan na comunidade o eixo produtor de saúde (18) promovendo o sentimento de benestar das persoas que participan en tal ocupación.

A ocupación de participar nunha banda de música popular produce nos músicos que participan en dita agrupación unha adquisición de capital social e cultural sendo a xeración de relacións interxeracionais o factor considerado polos músicos como o maior promotor de aprendizaxe tanto social como cultural. Dito capital sociocultural influirá na formación da súa propia identidade e no seu rol dentro da comunidade, influíndo ademais no sentimento de benestar e na promoción da saúde dos membros de dita agrupación.

## Agradecementos:

Para todas as que algún día preguntaron Por qué seguides a tocar nunha banda de música? Aquí van algunhas respostas.

Moitas grazas a tódalas persoas das que, ao longo destes anos levo aprendido todo o que hoxe sei.

Pero hoxe en especial, moitas grazas a meus pais, porque sodes o primeiro exemplo que tiven de que un alcanza o que desexa poñéndolle ganas e traballando duro. A Iris por estar sempre lista para axudar cando é preciso. As miñas titoras, por apoiarme neste proxecto e permitir que crecese na dirección que o fixo. E sobre todo moitísimas grazas a tódalas persoas que constitúen “A Cultural”, por animarvos a participar neste traballo e por facelo dunha maneira tan comprometida.

Porque todos vos sodes parte do que hoxe son e de onde hoxe estou, moitas grazas.

## 9. Bibliografía:

1. Hormigos Ruiz J. Música, comunicación e identidad cultural. En: Noya J, Perez Colmán CM, Val F, Coordinadores. Musyca. Música, sociedad y creación artística. 1ª ed. Madrid: Biblioteca Nueva; 2010. p. 41-56.
2. Clift S. Creative arts as a public health resource: moving from practice - based research to evidence-based practice. *Perspect Public Health*. 2012; 132(3): 120-7.
3. Iwama MK. Ubicación en el contexto. Cultura, inclusión y terapia ocupacional. En: Kronenberg F, Simó Algado S, Pollard N, Coordinadores. *Terapia ocupacional sin fronteras: aprendiendo del espíritu de supervivientes*. 1ªed. Madrid: Panamericana; 2007. p.127-140.
4. Nuñez Paz A. Ocupación, cultura y sociedad: el entorno social y cultural como clave para el éxito de la Terapia Ocupacional. *TOG (A Coruña)* [revista en internet]. 2012. [20-01-14]; monog. 5 : [32-43]. Disponible en: <http://www.revistatog.com/mono/num5/clave.pdf>
5. Setuaín M. Los músicos de orquesta frente a su público. En: Noya J, Perez Colmán CM, Val F, Coordinadores. *Musyca. Música, sociedad y creación artística*. 1ª ed. Madrid: Biblioteca Nueva; 2010. p. 115-129
6. Cremades A. Las bandas de música: “algo más que música”. *Eufonía: didáctica de la música*. 2009; 46 : 104-113.
7. *Diccionario Real Academia Galega* [sede web]. A Coruña: Real Academia Galega. [Acceso 10-11-2014] Disponible en: [www.realacademiagalega.org/diccionario](http://www.realacademiagalega.org/diccionario)
8. Alén MP. *Breve Historia da música galega*. 1ªedic. Vigo: A Nosa terra; 2004.

9. Federación Galega de Bandas de Música Populares [sede web]. Ames. Federación Galega de Bandas de Música Populares. [Acceso 9-1-2014]. Disponible en: [fgbmp.net/index.php?id=257&no\\_cache=1](http://fgbmp.net/index.php?id=257&no_cache=1)
10. Pascual Vilaplana JR. Las bandas de música: de la tradición a lo contemporáneo. *Eufonía: didáctica de la música*. 2000; 18 : 21-29
11. Roberts AEK, Farrugia MD. The personal meaning of music making to Maltese band musicians. *British Journal of Occupational Therapy*. 2013. 76(2);p.94-100
12. Organización mundial de la salud. Rehabilitación basada en la comunidad: guías para la RBC. Organización mundial de la salud 2012. Disponible en: [www.who.int/disabilities/cbr/guidelines/es/](http://www.who.int/disabilities/cbr/guidelines/es/)
13. Simó Algado S, Urbanowski R. El modelo canadiense del proceso del desempeño ocupacional. *TOG. A Coruña [Revista en internet]*. 2006 (3):6.
14. Wilcock A. *Health: An Occupational Perspective*. 1ª ed. Thorofare, NJ: SLACK INC; 1998.
15. Whalley Hammel KR. Belonging, occupation, and human well-being: An exploration: Appartenance, occupation et bien-être humain : Une étude exploratoire. *Canadian Journal of Occupational Therapy*. 2014. 81 (1): 39-50.
16. Gomez Lillo S. La ocupación y su significado como factor influyente de la identidad personal. *Revista Chilena de Terapia Ocupacional*. 2003. 3. Disponible en: [www.revistas.uchile.cl/index.php/RTO/article/view/149](http://www.revistas.uchile.cl/index.php/RTO/article/view/149)
17. World Federation of Occupational Therapist. Definition of Occupational Therapy [internet]. 2012[5 de Abril 2013]. Disponible en: [<http://www.wfot.org> ]

18. Organización mundial de la Salud. Carta de Ottawa para la promoción de la Salud. 1986.
19. Ávila Álvarez A., Martínez Piédrola R, Matilla Mora R, Máximo Bocanegra M, Méndez Méndez B, Talavera Valverde MA et al. Marco de Trabajo para la práctica de la Terapia Ocupacional: Dominio y proceso. 2da Edición [traducción]. [www.terapia-ocupacional.com](http://www.terapia-ocupacional.com) [portal de internet]. 2010[26-3-2014]; [85p.]. disponible en: <http://www.terapiaocupacional.com/aota2010esp.pdf> Traducido de American Occupational Therapy Association (2008). Occupational therapy practice framework: domain and process (2nd ed.)
20. Gray M, McGinty S, Ebringer S, Thomas Y. Homeless adults engagement in art: first steps towards identity, recovery and social inclusion. Australian Occupational Therapy Journal. 2011; 58(6):429-436.
21. Lewicka M. Ways to make people active: The role of place attachment, cultural capital and neighborhood ties. Journal of Environment Psychology. 2005. 25: 381-395
22. Lewicka M. Localism and Activity as two dimensions of people-place bonding: the role of cultural capital. Journal of Environment Psychology. 2013. 36: 43-53
23. Aktas Gurbuz, Ogce Filiz. Dance as Therapy for Cancer Prevention. Asian Pacific Journal of Cancer Prevention. 2005. 6: 408-41
24. Cameron M, Crane N, Ings R, Taylor K. Promoting well-being through creativity: how arts and public health can learn from each other. Perspectives in Public Health. 2013;133(1):52-59.

25. Fragala-Pinkham M, Ideishi RI, Ideishi SK, O'Neil ME . Community-based programs for children and youth: our experiences in design, implementation, and evaluation. *Physyc Occupational Therapy Pediatric*. 2012. 32(2):111- 119.
26. Mejía Navarrete J. Sobre la investigación cualitativa. Nuevos conceptos y campos de desarrollo. *Investigaciones sociales*. 2004, 8(13): 277-299.
27. Sandín Esteban MP. Investigación cualitativa en educación. Fundamentos y tradiciones. 1ª edición. Madrid: Mc Graw Hill. 2003
28. Aranzamendi M. Investigación cualitativa: Manual para principiantes. 1ª edic. Pamplona: Eunate. 2012
29. Moreno A. Historias de vida e investigación. En Martínez Miguélez M ciencia y arte en la metodología cualitativa. 1ª edic. Mexico: Editorial trillas. 2006.
30. Paz Antón XR. Salceda en Festa. 1ª edic. Narón: Artes Gráficas de Narón. 2011
31. Ley Orgánica 15/1999 del 13 de Diciembre de Protección de datos de carácter personal.
32. Noya J. Sociología de la creatividad. En: Noya J, Perez Colmán CM, Val F, Coordinadores. *Musyca. Música, sociedad y creación artística*. 1ª ed. Madrid: Biblioteca Nueva; 2010. pag 19-40
33. Enothe- Cotec. Competencias de Terapia Ocupacional. 2005. Disponibles en: [www.udc.gal/fcs/ga/index.htm](http://www.udc.gal/fcs/ga/index.htm)



# Anexos

## Anexo 1: Permiso para a realización do estudo:

### **DECLARACIÓN DE CONSENTIMENTO DE BANDA DE MÚSICA YYY PARA A REALIZACIÓN DO ESTUDO**

**TÍTULO:** ESTUDO ETNOGRÁFICO DOS MÚSICOS DUNHA BANDA DE MÚSICA NO MARCO DA PARTICIPACIÓN COMUNITARIA .

Eu, Saray Sestelo Figueroa, con DNI 35568983N, alumna de 4º curso de Terapia Ocupacional pola Universidade de a Coruña, diríxome a persoa responsable da Asociación co fin de solicitar autorización para desenvolver nesta o meu traballo de Fin de grado.

#### **Descrición do estudo:**

O estudo a realizar pretende observar a influencia que a participación nunha banda de música, en concreto a Banda de Música Cultural de YY ten na promoción da saúde, así como a influencia que dita participación ten no seu desenvolvemento dentro da comunidade.

Esta información será recollida a través da observación participante da propia investigadora e a través da recollida de información a través da técnica da historia de vida de compoñentes clave da agrupación.

Ditas historias de vida serán gravadas e transcritas para posterior codificación e análise dos datos.

O tratamento e cesión de datos farase conforme o disposto pola Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A información ou datos recollidos no estudo serán manexados de forma confidencial. Unicamente o equipo investigador terá acceso a tódolos datos recollidos.

Os datos, serán codificados para evitar que poidan ser identificados de maneira directa, sendo custodiada pola investigadora a relación entre

códigos e identidade. Unicamente poderá ser transmitida a terceiros información que no poda ser identificada.

Os resultados desta investigación serán empregados con fin docente. Serán incluídos no traballo de fin de Grado de Terapia Ocupacional de Saray Sestelo Figueroa e remitidos a Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade de A Coruña para o seu almacenaxe e difusión entre os profesionais, estudantes e participantes do estudo. Ademais, entregarase una copia do documento a Banda de Música XXXXXXXXXXXXXXXX.

D/Dna \_\_\_\_\_ en título de \_\_\_\_\_, autorizo a realización de dito traballo dentro desta asociación.

confirmando que recibín toda a información precisa por parte da investigadora.

ASDO: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2014

## **Anexo 2: Folla de información á/o participante.**

**TÍTULO:** Estudo etnográfico dos músicos dunha banda de música no marco da participación comunitaria .

**INVESTIGADOR:** Saray Sestelo Figueroa. Estudante de 4º curso do grado de Terapia Ocupacional pola Universidade de A Coruña.

Este documento ten coma obxecto aportar información sobre un estudo de investigación no que está convidada/o a participar.

Se decide participar no mesmo deberá recibir información personalizada do investigador, ler este documento e facer tódalas preguntas que precise para comprender os detalles sobre o mesmo.

Se o desexa, pode levar o documento, consultalo con outras persoas e tomarse o tempo preciso para decidirse a participar ou non.

A participación neste estudo é voluntaria. Vostede pode decidir participar ou non ou, se acepta facelo, cambiar de parecer retirando o consentimento en calquera momento sen ter ningunha obriga de dar explicacións.

### **¿Cál é o propósito deste estudo?**

A través deste estudo preténdese observar a influencia que a participación nunha banda de música ten na promoción da súa saúde, así como a influencia que dita participación ten no seu desenvolvemento dentro da comunidade.

### **¿Por qué me ofrecen participar a min?**

Vostede é unha das persoas seleccionadas por ser membro da banda de música estudada.

### **¿En qué consiste a miña participación?**

A súa participación consistirá na realización dunha historia de vida. Isto é, a narración da historia de vida propia que será encamiñada a comprensión de como a participación nunha banda de música influíu

nesta. Estas narracións serán guiadas pola propia investigadora e gravadas para posterior transcripción e codificación.

### **¿Obterei algún beneficio por participar?**

Non se agarda que vostede obteña ningún beneficio directo pola súa participación no estudo.

Esta investigación pretende achegar datos descoñecidos sobre a relación da participación nunha banda de música popular e a promoción da saúde dos seus membros. Nun futuro é posible que ditas achegas poidan beneficiar a persoas como vostede, pero non se esperan aplicacións inmediatas destas.

### **¿Serán publicados os resultados deste estudo?**

Os resultados deste estudo serán empregados con fin docente.

Incluiranse no traballo de fin de Grado de Terapia Ocupacional de Saray Sestelo Figueroa e serán remitidos a Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade de A Coruña para a súa almacenaxe e difusión entre os profesionais, estudantes e participantes do estudo.

Ademais, entregarase unha copia do documento a Banda de Música na que se realizou dito estudo.

### **¿como se protexerán os meus datos?**

O tratamento e cesión de datos farase conforme o disposto pola Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A información ou datos recollidos no estudo serán manexados de forma confidencial, unicamente o equipo investigador terá acceso a tódolos datos recollidos.

Os datos serán codificados para evitar que poidan ser identificados de maneira directa, sendo custodiada pola investigadora a relación entre códigos e identidade. Unicamente poderá ser transmitida a terceiros información que non poida ser identificada.

**¿Quen pode ofrecerme mais información?**

Se precisa mais información pode contactar con Saray Sestelo Figueroa no telefono XXXXXXXXX

Moitas grazas pola súa colaboración.

### Anexo 3: Consentimento informado.

Detállase:

D/Dna \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_

Vostede está convidado a participar nun proxecto de investigación sobre a influencia que a participación nunha Banda de Música ten no desenvolvemento da ocupación, levado a cabo pola alumna de cuarto curso Saray Sestelo Figueroa con DNI: XXXXXXXXX

Con anterioridade a sinatura deste documento, entregóuselle unha folla de información á/ó participante así como este documento, tendo vostede tempo de consultalo e facer as oportunas preguntas.

Tras a lectura da folla de información á/ó participante acepta participar neste estudo e concede voluntariamente consentimento a participar en dita investigación, tendo coñecemento de que é vostede libre para retirarse do estudo en calquera momento.

Data:

Sinatura da/do participante:

## Anexo 4: Consentimento informado menores de idade

Detállase:

D/Dna \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_,  
nai/pai ou titor/a legal de \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_

O seu fillo/a está convidado a participar nun proxecto de investigación sobre a influencia que a participación nunha Banda de música ten no desenvolvemento da ocupación, levado a cabo pola alumna de cuarto curso Saray Sestelo Figueroa con DNI: XXXXXXXXX

Con anterioridade a sinatura deste documento, entregóuselle unha folla de información á/ó participante así como este documento, tendo vostede tempo de consultalo e facer as oportunas preguntas.

Tras a lectura da folla de información á/ó participante acepta a participación do seu fillo/a neste estudo e concédelle voluntariamente consentimento a participar en dita investigación, tendo coñecemento de que é vostede libre para retirarse do estudo en calquera momento.

Data:

Sinatura da/do nai pai ou titor legal: